

# 30 de marzo

# XORNADA DE PROTESTA

estudiantil e xuvenil



## En defensa do ensino público!

**Por un posto de traballo digno ó rematar os estudos!**

**Polo futuro da mocidade, que a crise a paguen os capitalistas!**

## **NON NOS RESIGNAMOS!**

Xunto cos traballadores, os mozos do Estado español e os de todo o mundo, sufrimos duros ataques contra os nosos dereitos e o noso futuro. Quen os promoven son precisamente os responsables da actual crise: os grandes capitalistas, os banqueiros e os gobernos que se dobran ós seus ditados traizoando as aspiracións e os intereses da maioría da poboación.

Nos últimos anos desatouse unha importante campaña de desprestixio e criminalización da mocidade, onde se nos acusa de ser uns vagos e uns consentidos que non queremos nin estudar, nin traballar. Mentiras e máis mentiras que ocultan a realidade do presente que se nos impón. Onde nada se di dos 50.000 non admitidos en FP este curso, do endurecemento e imposición da selectividade aos estudantes de Bacharelato e FP de Grao superior, do incremento dun 30% do prezo das matrículas universitarias e do intento de penalizarnos con até

15 veces o seu prezo pola repetición dunha materia. Con estes datos enriba da mesa Como se pode dicir que os mozos non queremos estudar?, O que sucede é que non nos deixan!

Coas posibilidades de traballar sucede exactamente o mesmo. Cunha taxa de desemprego xuvenil próxima ao 50% — actualmente hai máis de 900.000 mozos desempregados—, os contratos lixo, a precariedade e os salarios miserables son a única alternativa que nos ofrecen.

Pero a mocidade non nos resignamos a converternos en vítimas do paro e dos recortes educativos. Os mozos e mozas estamos dispostos a loitar polo noso futuro. Sempre estivemos en primeira liña da mobilización: contra a guerra imperialista, nas folgas xerais convocadas nestes últimos anos, en defensa dos dereitos democráticos, contra as agresións fascistas... A mocidade sempre se manifestou contra as inxustizas deste sistema, e hoxe volvémoslo a ver nas magníficas mobilizacións dos nosos compañeiros en Gran Bretaña, contra a brutal suba das taxas académicas; en Italia, contra as contrarreformas educativas do goberno Berlusconi; en Francia, contra a contrarreforma das pensións e polo emprego xuvenil, ou na marabillosa revolución de Tunes e Exipto onde a mocidade tivo un papel protagonista indiscutible.

Mentres lanzan todas estas mentiras contra nós, o único que nos ofrecen son recortes do gasto na educación pública; recortes nos recursos materiais dos nosos institutos; fan que o acceso a unha vivenda digna es-



*Sindicato de Estudiantes*

tea vetado para toda unha xeración, á vez que o lecer que nos ofrecen é embrutecedor, para logo cinicamente criminalizarnos por iso. Os xóvenes e estudantes de todo o Estado debemos dicir basta! Nós non somos os responsables desta crise e negámonos a ser as súas vítimas.

## TODOS A LOITA O 30 DE MARZO

Por todas estas razóns, desde o Sindicato de Estudantes chamamos á mobilización de todos os estudantes e os mozos o mércores 30 de marzo, a organizar unha ampla e masiva xornada de protesta estudantil e xuvenil, con paros nos centros de estudo e manifestacións nas cidades e localidades de toda a xeografía para deixar clara a nosa oposición ós ataques que sufrimos e defender o noso futuro:

- **Porque a crise provocárona os capitalistas**, os grandes banqueiros e especuladores, que se lucraron coa burbulla inmobiliaria e bursátil grazas ó apoio e consentimento de todos os gobernos.
- **Porqué unha vez que a crise do sistema capitalista estoupou, as medidas adoptadas só benefician ós máis ricos** e prexudican á maioría da poboación. No caso do Estado español, o goberno de Zapatero, que foi elixido co voto de millóns de mozos e traballadores, traizoou as nosas aspiracións e axeonllouse ante as esixencias da banca, os grandes empresarios e os especuladores: reduciu o salario ós empregados públicos, aprobou unha contrarreforma laboral en beneficio da patronal, entregou máis de 150.000 millóns á banca mentres recorta o orzamento á sanidade e a educación pública.
- **Porqué os traballadores e a mocidade non gañan nada cos recortes e os ataques aprobados.** A actitude dos dirixentes de CCOO e UGT asinando un pacto coa patronal e o Goberno polo cal se ampla a xubilación ós 67 anos e recórtanse as pensións é un aval a unha política que vai contra os nosos dereitos e intereses, especialmente contra os mozos que deste xeito nunca alcanzarán unha xubilación digna. Os dirixentes de UGT e CCOO equivócanse se pensan que así van evitar novos ataques. Non, a súa debilidade invita á agresión, e coa súa actitude chocan coas aspira-

cións da propia base dos sindicatos e do conxunto da clase obreira e a mocidade, que quere loitar e mobilizarse contra estas agresións. Os líderes de CCOO e UGT deben rectificar urxentemente, deixar de facer estas concesións tan graves e apoiar o sentir da maioría.

- **Porqué si hai unha alternativa ós ataques do Goberno**, e esta pasa por aplicar medidas en beneficio da mocidade e os traballadores:

- En defensa do ensino público.** Aumento drástico dos orzamentos para os centros de estudo. Non á discriminación da FP.
- Non á selectividade económica e académica para entrar na universidade.** Basta de aumentar as taxas académicas da Universidade Pública e endurecer as normas de permanencia. Non queremos que haxa miles de non admitidos como ocorre todos os anos. O diñeiro público para a Universidade pública: nin un euro para as universidades e o ensino privado.
- Por un posto de traballo digno ó rematar os estudos.** Non ós contratos lixo aprobados no pacto asinado polo goberno, a CEOE e os dirixentes de CCOO e UGT. Empregos dignos e ben pagos.
- Non ó paro xuvenil.** Subsidio indefinido de 1.100 euros ó mes para todos os parados atopar un emprego.
- Basta de regalar diñeiro público ós banqueiros**, empresarios e especuladores. ¡Que se nacionalice a banca para empregar os recursos que xeran os traballadores en obras públicas, sanidade e educación, dando emprego a millóns de parados!

Desde o Sindicato de Estudantes chamamos a todos os compañeiros dos centros de estudo a organizar Comités de Loita para preparar a gran xornada de protesta do 30 de marzo. Difunde este panfleto, convoca reunións de delegados, realiza asembleas en todas as clases. Pasa esta folia ós teus profesores e tamén ós teus pais, para conseguir o apoio dos traballadores a unha mobilización en defensa do noso futuro. Ponte en contacto co Sindicato de Estudantes para organizar a mobilización, para que vaimos ó teu centro a realizar asembleas, e afiliate para así ser máis fortes.

**É a hora de loitar polo noso futuro!  
Basta de agresións ós traballadores e a mocidade!  
Todos á mobilización o 30 de marzo!**

**¡Todos e todas ás manifestacións!**

Visita [www.sindicatodeestudiantes.net](http://www.sindicatodeestudiantes.net) para coñecer o percorrido da manifestación na tua cidade

A edición deste panfleto costou 0,05 euros • Apoia economicamente a loita da mocidade en defensa do noso futuro • c/c: 0182 - 0975 - 52 - 0201447054 (BBVA)

**Únete ó Sindicato de Estudantes!**

[www.sindicatodeestudiantes.net](http://www.sindicatodeestudiantes.net)

Coruña: 627 704 195 • Ferrol: 678 42 08 88 • Santiago: Rúa Casas Reais nº 8 1er piso  
Tif: 981 563 100 ext. 12867 / 636 217 248 • Vigo: 628 001 270

galiza

santiago

vigo

@sindicatodeestudiantes.net